

Amplio grupo de bolboretas de mediano a gran tamaño. Nesta ficha contémpnanse as especies da subfamilia Argynninae (*Argynnis*, *Brenthis*, *Boloria*), moi similares á subfamilia Melitaeinae (*Melitaea* e *Euphydryas*). O anverso é leonado con diversos puntos e liñas negras.

Argynnis: 5 especies en Galicia e na península ibérica

Grandes, con envergadura media de 65 mm. O anverso é similar en todas.

Reverso da á posterior de cor verdosa, sen lúnulas en *A. paphia* e *A. pandora*.

Argynnis paphia: reverso das ás dianteiras sen mancha vermella.

Argynnis pandora: reverso das ás dianteiras con grande mancha vermella.



anverso xeral común




Argynnis adippe



Argynnis paphia



Argynnis aglaja



Argynnis pandora



Argynnis niobe



Reverso da á posterior con lúnulas en *A. adippe*, *A. aglaja* e *A. niobe*.

Argynnis adippe: lúnulas prateadas e vermellas.

Argynnis aglaja: só lúnulas prateadas.

Argynnis niobe: franxa postdiscal con lúnulas avermelladas, ningunha prateada. Veas do reverso da á posterior negras.

Brenthis: 3 especies en Galicia e na península ibérica

Medianas, con envergadura media de 38-45 mm.

B. daphne e **ino** distínguense por unha mancha na cela postdiscal.


- Sen mancha postdiscal, **Brenthis ino**.

- Con mancha postdiscal, **Brenthis**

daphne.

- Con ringleira de puntos no bordo da á posterior, **Brenthis hecate**.

detalle das manchas



anverso xeral común



Brenthis daphne



cela postdiscal

Boloria: 3 especies en Galicia e 6 na península ibérica

anverso xeral común



detalle dos triángulos



B. selene

B. euphrosyne

Boloria euphrosyne



Boloria dia



Bolboretas de tamaño mediano. A envergadura media é de 40 mm en **Boloria selene** e **Boloria euphrosyne** e de 35 mm no caso de **Boloria dia**.

Boloria selene ten na beira do reverso da á posterior uns triángulos prateados remarcados en negro, que en **Boloria euphrosyne** carecen do negro.

Boloria dia presenta o reverso con tons marróns. É característico un ángulo moi marcado na contorna da á posterior, máis suave nas outras especies

